

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

15839 *Real decreto 1071/2017, do 29 de decembro, polo que se modifica o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.*

A aprobación da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, introduciu a nivel legal na norma tributaria xeral unha serie de medidas dirixidas á loita contra a fraude no ámbito recadatorio, así como outras de carácter técnico no citado ámbito.

Así mesmo, a Lei 34/2015, do 21 de setembro, de modificación parcial da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, supuxo a implantación de determinadas medidas que tiveron relevancia na recadación tributaria.

Neste sentido, para conseguir de forma plena os fins perseguidos nas leis anteriores faise necesaria a aprobación dunha serie de modificacións a nivel regulamentario.

Finalmente, cabe destacar que a norma contén unha serie de cambios que responden a cuestións puramente técnicas como, por exemplo, o novo réxime das poxas.

As principais modificacións son as seguintes:

Homoxenízase o tratamento das derivacións de débeda de entes externos de forma que a Axencia Estatal de Administración Tributaria será a competente, con carácter xeral, para a declaración e derivación da responsabilidade.

Modifícase o réxime de ingreso co fin de que se axuste a todas as formas de pagamento actualmente existentes, tanto presenciais como non presenciais (pagamento pola internet, por domiciliación bancaria ou por medios telefónicos).

Establécese que, mediante orde ministerial, se poderán modificar os prazos ordinarios nos cales as entidades colaboradoras deben efectuar os ingresos no Tesouro Público para que o establecemento de novos prazos de autoliquidación e ingreso, por exemplo, os relativos ao fornecemento inmediato de información, non afecten negativamente a xestión da tesouraría do Estado.

En materia de pagamentos en especie, resulta necesario arbitrar un criterio para non dar trámite de maneira taxativa ás solicitudes que se presenten ofrecendo bens que, polas súas características, non teñan nin poidan chegar a ter nunca a consideración de bens do patrimonio histórico español, pola vía da inadmisión por ausencia completa de fundamento que tradicionalmente vén regulando o dereito administrativo xeral. Así mesmo, sinálanse outras causas de inadmisión. Nestes casos non será posible a emenda se non se achega a autoliquidación que non conste en poder da Administración.

Suprímese do regulamento, en consonancia coa lei, a excepción normativa que permitía o aprazamento ou o fraccionamento das débedas correspondentes a retencións e ingresos á conta.

No suposto de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento, establécese a obriga de declarar e achegar outros documentos que acrediten que as débedas tributarias non teñen a consideración de créditos contra a masa, na medida en que as débedas tributarias correspondentes aos ditos créditos non teñen a consideración de aprazables ou fraccionables.

En caso de concorrencia dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento cunha solicitude de suspensión en sede dun procedemento de revisión, dáse preferencia á segunda solicitude provocando a inadmisión da solicitude de aprazamento ou fraccionamento para evitar a dilación na tramitación do procedemento.

Establécese que se inadmitirá a solicitude de aprazamento ou fraccionamento se hai suspensión da tramitación do delito fiscal en sede administrativa, conforme o disposto na

Lei xeral tributaria, e se adaptará o réxime dos ditos aprazamentos e fraccionamentos á nova regulación tributaria do delito fiscal.

Clarifícase o cálculo do importe da garantía no caso dos aprazamentos ou fraccionamentos solicitados en período executivo para que inclúan as recargas do período executivo que se devindicasen.

Como consecuencia da regularización en que estean implicadas obrigacións tributarias conexas, poden resultar cantidades a ingresar e a devolver prevíndose a compensación de oficio de ambas as cantidades.

Aclárase o réxime revisor dos actos recadatorios das liquidacións vinculadas a delito. En particular, clarifícase o réxime revisor das actuacións en sede recadatoria que non son actuacións dirixidas ao cobramento en sentido estrito.

Sínálase que na execución de garantías non se pode aplicar o requisito de firmeza da liquidación que se aplica á execución dos bens embargados, por canto non son supostos análogos.

Para facilitar o embargo de depósitos e contas nas entidades de crédito, así como reforzar a seguridade xurídica, facilítase a súa eventual extensión a todos os bens e dereitos existentes na dita entidade e non só aos que constan na oficina á cal ía dirixido o embargo, como ocorría antes da modificación normativa.

Así mesmo, establécese unha medida equivalente á que se refire o parágrafo anterior respecto do embargo de valores depositados.

Habilítase expresamente a posibilidade de que as dilixencias de embargo de créditos a curto prazo e de soldos e salarios poidan ser obxecto de presentación telemática cando así se conveña co destinatario en termos similares á xa existente para o embargo de contas e depósitos bancarios.

A prohibición legal de disposición de determinados bens inmoebles por parte das sociedades cando se embargasen determinadas accións ou participacións destas implica o establecemento do mecanismo de inscrición rexistral da dita prohibición, para cuxos efectos se introduce a posibilidade de anotación preventiva da dita prohibición no rexistro da propiedade correspondente.

Modifícase o réxime xurídico de alleamento dos bens embargados, en particular, o procedemento de poxa, para adaptalo aos principios emanados do informe elaborado pola Comisión para a reforma das administracións públicas (CORA) co obxectivo da axilización e simplificación dos ditos procedementos, así como a potenciación dos medios electrónicos.

Nos procesos de alleamento dos bens embargados só se requirirán os títulos de propiedade para proceder á súa poxa en caso de que non sexan facilitados polos obrigados e estes non consten no Rexistro da Propiedade.

Establécese a necesaria adaptación do procedemento de alleamento aos termos e especificacións xa existentes do procedemento electrónico previsto no Portal de poxas do Boletín Oficial del Estado (<https://subastas.boe.es/>).

Así, incorpórase unha redución do importe do depósito exixido para a participación na poxa, co obxecto de potenciar a concorrència.

Por outro lado, o anuncio de poxa substitúese polo anuncio nos termos propios do Portal de poxas do Boletín Oficial del Estado, ben que o contido do dito anuncio se mantén.

Elimínase a referencia ao carácter nacional ou rexional das poxas co obxecto de que sexan as propias normas internas de organización as que fixen os seus ámbitos de actuación, nos termos que resulten máis eficientes e adecuados. Así mesmo, posibilitase que no mesmo procedemento de poxa se dea cabida á execución de bens de diversas administracións públicas.

En termos xerais, reestrutúranse os preceptos reguladores da poxa e dedícanse tres artigos aos licitadores, ao depósito e á mesa da poxa, respectivamente. Así mesmo, introdúcese unha serie de modificacións en relación coa normativa ata agora vixente.

Así, respecto do réxime dos licitadores, introdúcese modificacións para ter en conta que a participación na poxa será, en todo caso, por medios electrónicos.

Respecto aos depósitos, adáptase a constitución destes aos termos previstos no Portal de poxas do Boletín Oficial del Estado, reducíndose o depósito exigible do 20 ao 5 por cento do tipo de poxa do ben.

Elimínase toda referencia á participación e presentación de ofertas presenciais, ben que se mantén a composición da mesa de poxa.

O desenvolvemento da poxa non é presencial senón que se produce a través de medios electrónicos utilizando o Portal de poxas do Boletín Oficial del Estado.

Recóllese de forma máis clara e precisa os aspectos do desenvolvemento do procedemento de alleamento mediante poxa. Neste sentido, establécense criterios obxectivos respecto da adxudicación dos bens e dereitos obxecto de alleamento (nos mesmos termos previstos no artigo 650 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil), co obxectivo de homoxeneizar e unificar os criterios de actuación dos órganos de recadación.

Modifícase o desenvolvemento da poxa coas seguintes novidades principais:

- A presentación e ordenación das ofertas é electrónica.
- Pódese solicitar que o depósito quede a resultas de que finalmente a adxudicación non se produza en favor da mellor oferta.
- A igualdade de poxa, prevalece a primeira no tempo.

Así mesmo, concrétese o momento exacto ata o cal o obrigado pode liberar o ben, identificando este con calquera momento anterior á emisión da certificación do acto de adxudicación ou, se é o caso, ao outorgamento da escritura pública de venda.

Ademais, como se dixo anteriormente, recóllese a nova figura das ofertas con reserva de depósito, que permite o mantemento de ofertas doutros licitadores, evitando deste modo ter que iniciar novos procedementos nos casos de falta de pagamento do prezo de remate por parte do licitador que resulta adxudicatario.

Finalmente, establécese o limiar do 50 por cento do tipo de poxa para efectos de que se é inferior ao dito limiar a mellor das ofertas, a mesa poderá acordar a adxudicación do ben ou lote ou declarar deserta a poxa.

Adóptase un novo réxime de poxas a través de empresas e profesionais especializados co obxecto de adaptarse á nova Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e adáptase o procedemento de alleamento tributario aos termos do Portal de poxas do Boletín Oficial del Estado. Todo isto para potenciar a publicidade e concorrencia do procedemento.

Especifícase que o concurso soamente se pode utilizar como procedemento para o alleamento dos bens embargados cando a realización por medio de poxa poida producir perturbacións nocivas no mercado ou exista interese público.

A adxudicación directa elimínase como procedemento posterior e subseguinte ao procedemento de poxa. Trátase de simplificar o procedemento de alleamento para potenciar a concorrencia neste, así como a súa transparencia e axilidade.

No mesmo sentido anteriormente apuntado, elimínase a existencia dunha primeira e segunda licitación na poxa.

Considérase necesaria a modificación da denominación e estrutura das subseccións 6.^a e 7.^a posto que na subsección 7.^a se incluían de forma incorrecta, baixo a denominación de «actuacións posteriores», actuacións que forman parte do procedemento.

Establécese un prazo para que o adxudicatario solicite o outorgamento de escritura pública, motivado polo feito de que xa non vai existir un acto presencial no cal se solicite o outorgamento desta, polo que agora será necesario conceder un prazo en que se formalice a dita petición.

Finalmente, para este caso establécese a exixencia dun ingreso adicional do 5 por cento do prezo de remate do ben.

Aclárase a posibilidade de acudir a novos procedementos de alleamento no caso de que queden bens ou dereitos por adxudicar e débedas pendentes.

Desde unha perspectiva de eficacia, para lograr recoñecer os dereitos do terceiro en vía administrativa evitando os custos de acudir a un proceso xudicial elimínase a obriga de achega de orixinais na reclamación de terzaría.

En liña co previsto pola normativa xeral para os procedementos de aplicación dos tributos, fíxase un prazo de resolución do procedemento de terzaría de seis meses.

Estabéllese a obrigatoriedade, se é o caso, de dar a conformidade expresa no trámite de audiencia aberto no procedemento de declaración de responsabilidade para poder aproveitar a redución correspondente.

En prol do principio de economía procesual, nos procedementos de responsabilidade tramitados polos órganos competentes para ditar a liquidación, coa nova redacción do regulamento evítase que, tendo realizado un intento de notificación ou a posta á disposición electrónica antes da finalización do prazo voluntario de ingreso outorgado ao debedor principal, aínda que non tendo conseguido a notificación efectiva antes do dito prazo, o órgano de liquidación deixe de ser competente para acordar a responsabilidade e iso implique que o órgano de recadación teña que tramitar de novo o procedemento.

Regúlanse as particularidades en materia de declaración de responsabilidade asociada á liquidación vinculada a delito fiscal, como consecuencia da reforma operada pola Lei 34/2015 na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Modifícase a regulación da exacción da responsabilidade civil por delito contra a Facenda pública para adaptala á nova tramitación administrativa do delito, facendo referencia de forma expresa á recadación da pena de multa.

Finalmente, incorpórase unha disposición transitoria respecto da aplicación do novo réxime de poxas.

O presente regulamento apróbase ao abeiro da habilitación legal sinalada na disposición derradeira novena da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que habilita o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.*

O Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 3 e modifícase o actual punto 3 que pasa a ser o punto 4, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. Nos supostos previstos nos puntos 1 e 2 deste artigo, corresponderá aos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, sen prexuízo do disposto nos artigos 174.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 124.3 deste regulamento, tanto a declaración da responsabilidade como a derivación da acción de cobramento fronte aos responsables, de acordo co previsto na citada lei.

4. As cantidades recadadas por conta das entidades citadas no punto 2 deste artigo por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria, cando a recadación se efectúe en virtude dunha lei, serán transferidas ás contas oficiais das ditas entidades, coa excepción das recargas do período executivo e das custas. En caso de convenio, transferiranse as cantidades recadadas minoradas nos termos establecidos no dito convenio.»

Dous. Modifícase o punto 4 do artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Corresponderalles aos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, sen prexuízo do disposto nos artigos 174.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 124.3 deste regulamento, tanto a declaración da responsabilidade como a derivación da acción de cobramento fronte aos responsables, de acordo co previsto na citada lei.»

Tres. Modifícanse os puntos 1, 4 e 8 do artigo 19, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os ingresos realizaranse en contas restrinxidas abertas nas entidades colaboradoras, cuxa denominación e funcionamento serán establecidos mediante orde ministerial.»

«4. A entidade colaboradora que deba admitir un ingreso para o Tesouro, tras realizar as oportunas comprobacións respecto da identificación do obrigado ao pagamento e do importe a ingresar e sempre que estas resulten conformes, emitirá o correspondente xustificante do pagamento, certificando dese modo o concepto do ingreso, así como que este se efectuou na conta do Tesouro.

O contido dos xustificantes de pagamento establecerase mediante orde ministerial.»

«8. Nos casos para os que se estableza que o obrigado ao pagamento pode presentar nas sucursais das entidades colaboradoras, en sobre cerrado, o documento de ingreso ou devolución, a autoliquidación e a documentación complementaria, actuarase de acordo coas normas seguintes:

a) Presentará na entidade colaboradora o documento de ingreso ou devolución en que constarán os datos esenciais da autoliquidación e a cantidade a ingresar ou a devolver que dela resulte.

b) A entidade comprobará se o documento de ingreso ou devolución está correctamente cuberto.

En caso de ingreso, certificarao coas formalidades e requisitos previstos no punto anterior.

En caso de solicitude de devolución por transferencia, validará os documentos e certificará a existencia da conta bancaria e a titularidade do obrigado ao pagamento. A dita validación poderá ser mecánica, mediante máquina contable, ou manual, mediante selo, e nela deberá constar obrigatoriamente a clave da entidade e da oficina receptora, así como a data de presentación da solicitude de devolución.

En ambos os casos, a entidade colaboradora conservará no seu poder o exemplar a ela destinado e entregará ao obrigado ao pagamento os que lle correspondan.

c) O obrigado xuntará á súa autoliquidación o exemplar para a Administración do documento de ingreso ou devolución e entregaráo na propia entidade colaboradora para a súa remisión ao órgano competente en sobre cerrado, en cuxo anverso constará o seu nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e o concepto.

d) Por petición do obrigado ao pagamento, a entidade colaboradora deberá estampar na primeira folia dos exemplares para a Administración e para o interesado da correspondente autoliquidación ou declaración un selo en que consten os seguintes datos: data en que se produce a presentación da autoliquidación e claves da entidade e da oficina receptora.»

Catro. Introdúcese un novo punto 2, modifícase o actual punto 2 do artigo 29 e renumeráranse os actuais puntos 2 e 3 como puntos 3 e 4, que quedarán redactados da seguinte forma:

«2. Mediante orde ministerial poderán establecerse prazos de ingreso diferentes aos establecidos no punto anterior respecto daquelas autoliquidacións

recadadas cuxa periodicidade sexa mensual ou trimestral e cuxo vencemento xenérico de pagamento sexa posterior ao día 20 do mes ou inmediato hábil posterior.

3. Nos prazos, forma e soporte que estableza o ministro de Facenda e Función Pública, as referidas entidades entregarán ao órgano de recadación competente a información necesaria para a xestión e seguimento dos ingresos.»

Cinco. Introdúcese un novo punto 2, modifícanse os actuais puntos 2 e 4 do artigo 40 e renuméranse os actuais puntos 2 a 8 como puntos 3 a 9, respectivamente, e aqueles quedarán redactados da seguinte forma:

«2. Procederá a inadmisión da solicitude nos seguintes casos:

a) Cando a esta non se xunte a documentación acreditativa da inscrición dos bens no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural ou da súa inclusión no Inventario xeral e se considere que o ben ofrecido, pola súa propia natureza, non comporta as características máis básicas para poder formar parte do patrimonio histórico español; nestes casos cualificarase a solicitude como manifestamente carente de fundamento.

b) Cando a débeda deba ser declarada mediante autoliquidación e esta última non fose obxecto de presentación con anterioridade ou conxuntamente coa solicitude de pagamento en especie.

c) Cando a autoliquidación fose presentada téndose iniciado con anterioridade un procedemento de inspección que quedase suspendido de acordo co previsto no artigo 150.3.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sempre que a solicitude de pagamento en especie se refira a conceptos e períodos respecto dos cales se remitise coñecemento á xurisdición competente ou ao Ministerio Fiscal.

Naqueles supostos nos cales a concorrencia das circunstancias previstas neste parágrafo c) se poña de manifesto unha vez iniciada a tramitación da solicitude de pagamento en especie, esta última quedará sen efecto de forma automática e deberá comunicarse ao Ministerio Fiscal ou ao órgano xurisdicional a presentación da dita solicitude.

d) A presentación de solicitudes de pagamento en especie reiterativa doutras anteriores que fosen obxecto de denegación previa implicará a súa inadmisión cando non conteñan modificación substancial respecto da solicitude previamente denegada e, en particular, cando a dita reiteración teña por finalidade dilatar, dificultar ou impedir o desenvolvemento da xestión recadatoria.

Considerarase, en todo caso, realizada a solicitude coa finalidade de dilatar, dificultar ou impedir o desenvolvemento da xestión recadatoria cando se ofrezan os mesmos bens que fosen ofrecidos en solicitudes anteriores.

A inadmisión deberá ser motivada e determinará que a solicitude se teña por non presentada para todos os efectos, e fronte ao acordo de inadmisión caberá a interposición de recurso ou reclamación económico-administrativa.

No ámbito de competencias do Estado, a resolución de inadmisión deberá ser adoptada polo director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

«3. Cando a solicitude non reúna os requisitos ou non se xunten os documentos que se sinalan no punto 1 deste artigo, o órgano competente para a tramitación requirirá o solicitante para que no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento emende o defecto ou achegue os documentos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por non presentada a solicitude e se arquivará sen máis trámite.

Non procederá a emenda se non se xunta á solicitude a autoliquidación que non conste en poder da Administración. Neste caso, procederá a inadmisión conforme o previsto no punto anterior.

Se a solicitude de pagamento en especie se presentou en período voluntario de ingreso e o prazo para atender o requirimento de emenda finalizou con posterioridade

ao prazo de ingreso en período voluntario e aquel non for atendido, iniciárase o procedemento de constrinximento mediante a notificación da oportuna providencia de constrinximento.

Cando o requirimento de emenda fose obxecto de contestación en prazo polo interesado, pero non se emendasen os defectos observados, procederá a denegación da solicitude de pagamento en especie.»

«5. Do dito acordo de aceptación ou de denegación, así como do acordo de inadmisión, remitírase copia ao departamento ministerial competente en materia de cultura, ou ao que corresponda en función do tipo do ben, e á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.»

Seis. Suprímese o punto 3 do artigo 44, e pasa o actual punto 4 a ser o punto 3.

Sete. Introdúcense unha nova letra h) no punto 2, unha nova letra f) no punto 3 e un novo punto 8 no artigo 46, que quedan redactados da seguinte forma:

«h) Indicación de que a débeda respecto da cal se solicita o aprazamento ou fraccionamento non ten o carácter de crédito contra a masa no suposto de que o solicitante se encontre en proceso concursal.»

«f) No caso de concurso do obrigado tributario, deberase achegar declaración e outros documentos acreditativos de que as débedas tributarias non teñen a consideración de créditos contra a masa do correspondente concurso.»

«8. No caso en que o obrigado ao pagamento presente unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento e unha solicitude de suspensión ao abeiro do disposto na normativa aplicable en materia de revisión en vía administrativa, aínda que sexa con carácter subsidiario unha respecto da outra, procederase, en todo caso, ao arquivamento da solicitude de aprazamento ou fraccionamento e á tramitación da solicitude de suspensión.»

Oito. Modifícase a letra b) do punto 1 do artigo 47, que queda redactada da seguinte forma:

«b) Cando a autoliquidación fose presentada téndose iniciado con anterioridade un procedemento de inspección que quedase suspendido de acordo co previsto no artigo 150.3.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sempre que a solicitude de aprazamento ou fraccionamento se refira a conceptos e períodos afectados pola causa de suspensión respecto dos cales se remitise coñecemento á xurisdición competente ou ao Ministerio Fiscal.»

Nove. Modifícase o punto 2 do artigo 48, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A garantía cubrirá o importe da débeda en período voluntario, dos xuros de demora que xere o aprazamento e un 25 por cento da suma de ambas as partidas.

Cando a débeda se encontre en período executivo, a garantía deberá cubrir o importe aprazado, incluíndo a recarga do período executivo correspondente, os xuros de demora que xere o aprazamento, máis un 5 por cento da suma de ambas as partidas.»

Dez. Introdúcese unha nova letra c) no punto 2 do artigo 58, coa seguinte redacción:

«c) As cantidades que se vaian ingresar e que se vaian devolver relativas a obrigacións tributarias conexas que resulten da execución da resolución do recurso ou reclamación económico-administrativa a que se refiren os artigos 225.3 e 239.7 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, debéndose producir o ingreso ou a devolución do importe diferencial que proceda. Neste suposto, procederá igualmente a liquidación dos xuros de demora devindicados segundo o disposto no

artigo 26.5 da dita lei, xuros que serán obxecto de compensación no mesmo acordo.»

Once. Introdúcese un novo punto 3 no artigo 73, renumérase o actual punto 3 como punto 4, e aquel queda redactado da seguinte forma:

«3. A suspensión do procedemento de constrinximento asociado ao cobramento dunha liquidación vinculada a delito, tanto en sede do debedor principal como en sede do responsable, tramitarase e resolverase de acordo co réxime regulado nos artigos 255, 256 e 258.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Doce. Modifícase o punto 1 do artigo 74, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Unha vez iniciado o procedemento de constrinximento, se a débeda está garantida e resulta impagada no prazo a que se refire o artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, procederase a executar a garantía, salvo que sexa de aplicación o disposto no seu artigo 168, segundo parágrafo; en tal caso, con anterioridade á execución da garantía poderase optar polo embargo e alleamento doutros bens e dereitos.

En ningún caso será de aplicación na execución de garantías o disposto no artigo 172.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Trece. Modifícase o punto 1 do artigo 79, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Cando a Administración coñeza a existencia de, cando menos, unha conta ou depósito aberto nunha oficina dunha entidade de crédito, o embargo levarase a cabo mediante dilixencia de embargo na cal se deberá identificar a conta ou o depósito coñecido pola Administración actuante.

O embargo poderá estenderse, sen necesidade de identificación previa, ao resto dos bens e dereitos de que sexa titular o obrigado ao pagamento existentes na dita entidade de crédito, dentro do ámbito estatal, autonómico ou local que corresponda á xurisdición respectiva de cada Administración tributaria ordenante do embargo, sexan ou non coñecidos pola Administración, ata alcanzar o importe da débeda pendente, máis a recarga do período executivo, xuros e, se é o caso, as custas producidas.»

Catorce. Modifícase o punto 2 do artigo 80, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Se o embargo se refire a valores representados mediante títulos ou mediante anotacións en conta que se atopen depositados, entregados ou confiados a unha oficina dunha entidade de crédito, sociedade ou axencia de valores, ou calquera outra entidade depositaria, o embargo levarase a cabo mediante a presentación da dilixencia de embargo á entidade e poderá estenderse, sen necesidade de identificación previa, aos demais bens e dereitos do obrigado ao pagamento existentes na dita entidade de crédito, sociedade ou axencia de valores, dentro do ámbito estatal, autonómico ou local que corresponda á xurisdición respectiva de cada Administración tributaria ordenante do embargo, sexan ou non coñecidos pola Administración.

No acto de presentación, a receptora da dilixencia deberá confirmar ao órgano de recadación competente a concordancia ou non dos valores coñecidos pola Administración cos realmente depositados ou anotados.

En caso de discordancia ou de insuficiencia dos valores coñecidos pola Administración e identificados na dilixencia para cubrir o importe total debido, a entidade entregará no acto ou, de non ser posible, no prazo máximo e improrrogable de cinco días, relación dos valores cos datos que permitan a súa valoración. O órgano de recadación competente indicará á entidade os valores que deben quedar definitivamente embargados e aqueles que deben quedar liberados. Para estes

efectos, poderá converterse para estes efectos e, con carácter previo, a forma de actuación da entidade. En todo caso, os valores embargados consideraranse trabados o día da presentación da dilixencia de embargo á entidade.

Non obstante, a forma, o medio e o lugar de presentación da dilixencia poderán ser convidados, con carácter xeral, entre a Administración actuante e a entidade de crédito, sociedade ou axencia de valores ou calquera outra depositaria.»

Quince. Modifícase o artigo 81, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 81. *Embargo doutros créditos, efectos e dereitos realizables no acto ou a curto prazo.*

Cando se trate de créditos, efectos e dereitos realizables no acto ou a curto prazo non regulados no artigo anterior, procederase como segue:

a) Se se trata de créditos, efectos e dereitos sen garantía, notificarase a dilixencia de embargo á persoa ou entidade debedora do obrigado ao pagamento, apercibíndoa de que, a partir dese momento, non terá carácter liberatorio o pagamento efectuado ao obrigado. Cando o crédito ou dereito embargado vencese, a persoa ou entidade debedora do obrigado ao pagamento deberá ingresar no Tesouro o importe ata cubrir a débeda. Noutro caso, o crédito quedará afectado á dita débeda ata o seu vencemento, se antes non resulta satisfeita. Se o crédito ou dereito comporta a realización de pagamentos sucesivos, ordenarase ao pagador ingresar no Tesouro os respectivos importes ata o límite da cantidade debida, salvo que reciba notificación en contrario por parte do órgano de recadación.

b) Se se trata de créditos garantidos, tamén se deberá notificar a dilixencia de embargo ao garante ou, se é o caso, ao posuidor do ben ou dereito ofrecido en garantía, que poderá depositarse ata o vencemento do crédito. Vencido o crédito, se non se paga a débeda, promoverase a execución da garantía, que se realizará seguindo o procedemento establecido no artigo 74.

A forma, medio, lugar e demais circunstancias relativas á presentación das dilixencias de embargo poderán ser convidadas, con carácter xeral, entre a Administración ordenante e os destinatarios das ditas dilixencias. En todo caso, as dilixencias de embargo notificaranse conforme o réxime xurídico previsto nos artigos 109 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Dezaseis. Modifícase o punto 1 do artigo 82, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O embargo de soldos, salarios e pensións efectuarase tendo en conta o establecido na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

A dilixencia de embargo presentarase ao pagador. Este quedará obrigado a refer as cantidades procedentes en cada caso sobre as sucesivas contías satisfeitas como soldo, salario ou pensión e a ingresar no Tesouro o importe detraído ata o límite da cantidade debida.

A forma, o medio, o lugar e demais circunstancias relativas á presentación das dilixencias de embargo poderán ser convidadas, con carácter xeral, entre a Administración ordenante e os pagadores destinatarios das ditas dilixencias. En todo caso, as dilixencias de embargo notificaranse conforme o réxime xurídico previsto nos artigos 109 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Dezasete. Introdúcese un novo artigo 88 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 88 bis. *Prohibición de disposición de bens inmobles por embargo de accións e participacións.*

1. Para os efectos da aplicación das prohibicións de disposición a que se refire o artigo 170.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración

solicitará que se practique anotación preventiva da prohibición de disposición sobre os bens inmobles e dereitos sobre estes no Rexistro da Propiedade que corresponda, sobre a base dun título cuxa vixencia virá determinada pola do propio embargo do que deriva.

2. Para tal efecto, o órgano de recadación competente expedirá mandamento dirixido ao rexistrador con suxeición ao disposto no citado artigo 170.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na lexislación hipotecaria e ao que se establece nos artigos 84 e seguintes deste regulamento no que resulten de aplicación.»

Dezaioito. Modifícase o punto 1 do artigo 98, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Se, ao ser notificado o embargo, os obrigados ao pagamento non facilitan os títulos de propiedade dos bens inmobles, créditos hipotecarios, dereitos reais embargados ou calquera outro tipo de ben ou dereito embargado, no caso de que estes non consten inscritos no Rexistro da Propiedade, o órgano de recadación competente, ao tempo de fixar o tipo para a poxa, requiriraos para que os acheguen no prazo de tres días contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, se residen na propia localidade, e no de 15 días, se residen fóra.»

Dezanove. Modifícase o punto 2 do artigo 100, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O procedemento ordinario de adxudicación de bens embargados será a poxa pública, que procederá sempre que non sexa expresamente aplicable outra forma de alleamento.

A poxa dos bens será única e realizarase por medios electrónicos no Portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado coa única excepción daqueles supostos nos cales a execución material sexa encargada polo órgano de recadación a empresas ou profesionais especializados, nos termos previstos neste regulamento.»

Vinte. Modifícase o artigo 101, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 101. *Acordo de alleamento e anuncio da poxa.*

1. O órgano de recadación competente acordará o alleamento mediante poxa dos bens embargados que considere bastantes para cubrir suficientemente o débito perseguido e as custas do procedemento, e evitarase, no posible, a venda dos de valor notoriamente superior ao dos débitos, sen prexuízo de que, posteriormente, autorice o alleamento dos que sexan precisos.

O acordo de alleamento deberá conter os datos identificativos do debedor e dos bens que se van poxar, así como o seu tipo para a poxa. No acordo deberá constar a duración do prazo para a presentación de ofertas nos termos previstos no punto 2 do artigo 104 deste regulamento. Así mesmo, indicarse que a presentación de ofertas se realizará de forma electrónica no Portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

2. O acordo de alleamento será notificado ao obrigado ao pagamento, ao seu cónxuxe, se se trata de bens gananciais ou se se trata da vivenda habitual; aos acredores hipotecarios, pignoratícios e, en xeral, aos titulares de dereitos inscritos no correspondente rexistro público con posterioridade ao dereito da Facenda pública que figuren na certificación de cargas emitida para o efecto, ao depositario, se é alleo á Administración e, en caso de existiren, aos copropietarios e terceiros posuidores dos bens que se vaian poxar.

En caso de poxas de dereitos de cesión do contrato de arrendamento de locais de negocio, notificaráselle tamén ao arrendador ou administrador do predio, cos

efectos e requisitos establecidos na Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

Na notificación farase constar que, en calquera momento anterior ao de emisión da certificación da acta de adxudicación dos bens, ou, se é o caso, ao de outorgamento da escritura pública de venda, se poderán liberar os bens embargados mediante o pagamento das cantidades establecidas no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Unha vez practicadas as notificacións a que se refire este punto, para a celebración da poxa electrónica transcorrerán 15 días como mínimo.

3. A poxa anunciarase mediante a súa publicación no Boletín Oficial del Estado e abriase transcorridas ao menos 24 horas desde a publicación do anuncio. O anuncio conterá a data da poxa, o órgano de recadación ante o que se segue o procedemento e o enderezo electrónico que corresponda á poxa no Portal de poxas.

4. No Portal de poxas recolleranse os datos esenciais da poxa e dos bens que se vaian poxar, e farase constar:

a) A descrición dos bens ou lotes, tipo de poxa para cada un e tramos para a licitación, locais ou recintos onde están depositados os bens e os títulos dispoñibles e días e horas en que poderán ser examinados.

Cando se trate de bens inscrites en rexistros públicos, indicarse que os licitadores non terán dereito a exixir outros títulos de propiedade que os achegados no expediente; que de non estaren inscritos os bens no Rexistro, o documento público de venda é título mediante o cal se pode efectuar a inmatriculación nos termos previstos na lexislación hipotecaria, e que, nos demais casos en que for preciso, terán que proceder, se lles interesa, como dispón o título VI da Lei hipotecaria para levar a cabo a concordancia entre o rexistro e a realidade xurídica.

b) A indicación expresa de que no tipo da poxa non se inclúen os impostos indirectos que graven a transmisión dos ditos bens.

c) A obriga de constituír un depósito do 5 por cento do tipo de poxa do ben ou lote polo que se desexa poxar na forma que se indique.

Así mesmo, advertirase que, se os adxudicatarios non satisfán o prezo do remate; o dito depósito se aplicará á cancelación da débeda, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer polos prexuízos que orixine a falta de pagamento do prezo de remate.

d) A advertencia de que a poxa se suspenderá en calquera momento anterior ao de emisión da certificación da acta de adxudicación dos bens, ou, se é o caso, ao de outorgamento da escritura pública de venda, se se efectúa o pagamento da contía establecida no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

e) A expresión das cargas, gravames e situacións xurídicas dos bens e dos seus titulares que, se é o caso, teñan que quedar subsistentes e afecten os bens.

f) A obriga do adxudicatario, nos 15 días seguintes a que lle sexa notificada a adxudicación do ben ou lote, de ingresar a diferenza entre o depósito constituído e o prezo de adxudicación. Se é o caso, advertirase da posibilidade de que o pagamento da cantidade sinalada poderá efectuarse o mesmo día en que se produza o outorgamento da escritura pública de venda nos termos previstos no artigo 111.1 deste regulamento.

g) Calquera outra circunstancia, cláusula ou condición que se deba aplicar na poxa.

Os datos esenciais a que fai referencia este punto 4 poderán ser publicitados na sede electrónica do organismo correspondente, conforme o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A celebración da poxa tamén se poderá anunciar en medios de comunicación de gran difusión, en publicacións especializadas e en calquera outro medio adecuado para o efecto cando o órgano de recadación competente así o acorde.»

Vinte e un. Modifícase o artigo 102, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 102. *Poxas de bens agrupados e simultáneas.*

1. Os órganos de recadación competentes poderán acordar a celebración de poxas en que se agrupen bens correspondentes a acordos de alleamento adoptados por distintos órganos do seu ámbito territorial.

2. Cando as circunstancias o aconsellen e iso sexa posible, o órgano de recadación competente poderá autorizar, así mesmo, a acumulación de alleamentos de bens que deba levar a cabo con outras administracións públicas.»

Vinte e dous. Modifícanse os puntos 1 e 2, e suprímese o punto 4 do artigo 103, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Con excepción do persoal adscrito ao órgano de recadación competente, dos taxadores, dos depositarios dos bens e dos funcionarios directamente implicados no procedemento de constrinximento, poderá tomar parte na poxa ou concurso ou adxudicación directa, por si ou por medio de representante, calquera persoa que posúa capacidade de obrar de acordo con dereito e que non teña para iso impedimento ou restrición legal, sempre que se identifique adecuadamente.

2. Unha vez aberta a poxa no Portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado soamente se poderán realizar poxas electrónicas.

Os interesados que queiran participar na poxa deberán estar dados de alta como usuarios do sistema e accederán a este por algún dos medios electrónicos de acreditación da identidade admitidos polo Boletín Oficial del Estado, de maneira que se garanta unha plena identificación dos licitadores. A alta poderase realizar no Portal de poxas utilizando un medio electrónico de identificación admitido pola Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado ou ben mediante a comparecencia persoal do interesado ante un funcionario público de calquera das administracións públicas e órganos que celebren poxas a través do Portal de poxas, que facilitará este trámite nos termos que se establezan na súa respectiva normativa.

En todo caso, advertirase a quen pretenda darse de alta como usuario, das condicións en que se desenvolverán os procedementos de alleamento a través do Portal de poxas.»

Vinte e tres. Introdúcese un novo artigo 103 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 103 bis. *O depósito obrigatorio.*

1. Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito do 5 por cento do tipo de poxa dos bens polos que desexe poxar.

2. Ao realizar a poxa, o licitador deberá declarar se desexa que o seu depósito quede reservado para o caso de que o mellor ofertante da poxa non cumpra a obriga de ingresar o resto do prezo de adxudicación no prazo concedido para estes efectos. Nese caso o ben poderase adxudicar en favor dos que o sigan pola orde das súas respectivas ofertas e, se son iguais, pola orde cronolóxica en que fosen realizadas.

3. En todo caso, cando o licitador realice unha poxa inferior ou igual á que fose a maior oferta existente ata ese momento, o depósito quedará reservado nos termos previstos no punto anterior.

4. Finalizado o período de presentación de ofertas, as cantidades depositadas quedarán dispoñibles para os licitadores, cuxos depósitos non quedasen reservados conforme os puntos anteriores, excepto a que corresponda ao mellor ofertante, a cal

quedará reservada como garantía do cumprimento da obriga de satisfacer o resto do prezo de adxudicación e, se é o caso, como parte do prezo de venda.

As cantidades depositadas que fosen reservadas quedarán dispoñibles unha vez cumprida a obriga polo rematante ou adxudicatario de satisfacer o resto do prezo de adxudicación.»

Vinte e catro. Introdúcese un novo artigo 103 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 103 ter. *A mesa de poxa.*

1. A mesa estará composta polo presidente, o secretario e un ou máis vogais, designados entre funcionarios na forma que se estableza na norma de organización específica.

2. Tratándose das poxas a que se refire o artigo 102.1 deste regulamento, formarase unha única mesa cuxa composición será acorde co sinalado anteriormente e que designará entre os seus vogais representantes dos distintos órganos afectados.

3. En caso de poxas realizadas conforme o artigo 102.2 deste regulamento, entre os membros da mesa haberá ao menos un representante de cada órgano ou órganos de recadación competentes.»

Vinte e cinco. Modifícase o artigo 104, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 104. *Desenvolvemento da poxa.*

1. A poxa comezará na data sinalada no anuncio da poxa, de conformidade co disposto no artigo 101.3 deste regulamento.

A presentación de ofertas levarase a cabo, en todo caso, de forma electrónica no Portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.

2. Unha vez aberta a poxa, poderanse realizar poxas electrónicas durante un prazo de vinte días naturais desde a súa apertura. As poxas enviaranse electronicamente a través de sistemas seguros de comunicacións ao portal, que devolverá un xustificante técnico garantido con selo electrónico do momento exacto de recepción da poxa e da súa contía. Nese instante publicarase electronicamente a poxa e o ofertante que vise superada a súa poxa será advertido desta circunstancia polo sistema.

Serán admisibles poxas por importe superior, igual ou inferior á máis alta xa realizada, que poderán ser, de conformidade co disposto no artigo 103 bis deste regulamento, reservadas para o suposto de que o licitador que realizase a poxa máis alta non ingrese finalmente o prezo de remate. No caso de que existan poxas polo mesmo importe, preferirase a anterior no tempo.

A poxa non se cerrará ata que transcorrese unha hora desde a realización da última poxa, aínda que iso comporte a ampliación do prazo inicialmente fixado, cun límite máximo de ampliación de 24 horas.

3. En calquera momento anterior á emisión da certificación da acta de adxudicación de bens, ou, se é o caso, ao outorgamento da escritura pública de venda, poderá o debedor liberar os seus bens pagando integramente a contía establecida no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Vinte e seis. Introdúcese un novo artigo 104 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 104 bis. *Adxudicación e pagamento.*

Finalizada a fase de presentación de ofertas, a mesa reunirase no prazo máximo de 15 días naturais e procederase á adxudicación dos bens ou lotes conforme as seguintes regras:

a) En caso de que a mellor oferta presentada fose igual ou superior ao 50 por cento do tipo de poxa do ben, a mesa adxudicará o ben ou lote ao licitador que presentase a dita oferta.

b) Cando a mellor das ofertas presentadas fose inferior ao 50 por cento do tipo de poxa do ben, a mesa, atendendo ao interese público e sen que exista prezo mínimo de adxudicación, decidirá se a oferta é suficiente e acordará a adxudicación do ben ou lote, ou declarará deserta a poxa.

c) Se para un mesmo debedor se acorda a poxa de varios bens simultaneamente e, finalizado o prazo de realización de poxas electrónicas, en virtude das contías ofrecidas non é necesaria a adxudicación de todos os bens para cubrir a débeda reclamada na súa totalidade, a orde de adxudicación que seguirá a mesa determinarase de conformidade coas regras contidas no artigo 99 deste regulamento.

d) Unha vez adoptado o acordo correspondente, entenderase finalizada a poxa e levantará a acta o secretario da mesa.

e) Unha vez designado adxudicatario conforme os puntos anteriores e cando, segundo a lexislación aplicable, existan interesados que sexan titulares dun dereito de tanteo ou outro de adquisición preferente que obrigue a poñer en cofecemento previo as condicións da adxudicación, comunicarase esta aos ditos interesados. A adxudicación acordada pola mesa quedará en suspenso durante o prazo en que, segundo a lexislación aplicable, os interesados poidan exercer o seu dereito de adquisición.

f) A adxudicación será notificada ao adxudicatario, instándoo para que efectúe o pagamento da diferenza entre o prezo total de adxudicación e o importe do depósito nos 15 días seguintes á data da notificación, coa advertencia de que, se non o completa no dito prazo, perderá o importe do depósito que se aplicará á cancelación das débedas obxecto do procedemento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir o adxudicatario polos prexuízos que orixine á Administración a falta de pagamento do prezo de remate e a cuxo resarcimento quedará obrigado, en todo caso.

g) Así mesmo, e de existiren outras ofertas con reserva de depósito, a Mesa poderá acordar a adxudicación ao licitador que realizase a oferta máis elevada daqueles cuxo depósito fose reservado, de acordo coas regras de adxudicación anteriores.

h) Os adxudicatarios que exercesen a opción prevista no punto 3 do artigo 103 deste regulamento deberán, no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte a aquel en que lles sexa notificada a adxudicación, comunicar a identidade do cesionario a cuxo nome se outorgará o documento público de venda, coa advertencia de que a dita comunicación non altera o prazo de pagamento previsto anteriormente.

i) Unha vez ingresado o remate, entregarase aos adxudicatarios, salvo nos supostos en que optasen polo outorgamento de escritura pública de venda previsto no artigo 111.1 deste regulamento, certificación da acta de adxudicación dos bens, na cal deberá constar, ademais da transcripción da propia acta no que se refire ao ben adxudicado e ao adxudicatario, a acreditación de terse efectuado o pagamento do remate e de ter emitido en conformidade informe o órgano con funcións de asesoramento xurídico sobre a observancia das formalidades legais no procedemento de constrinximento, cando fose solicitado polo órgano de recadación e, en todo caso, cando a adxudicación recaia sobre bens ou dereitos inscribibles no Rexistro da Propiedade.

A citada certificación constitúe un documento público de venda para todos os efectos e nela farase constar que queda extinguida a anotación preventiva feita no rexistro público correspondente a nome da Facenda pública. Así mesmo, tal e como se establece no artigo 111.3 deste regulamento, expedirase mandamento de cancelación das cargas posteriores.

A Administración practicará a correspondente liquidación e entregará o sobrante, de o haber, ao obrigado ao pagamento. Se este non o recibe, quedará á súa disposición na Caixa Xeral de Depósitos no prazo de 10 días desde o pagamento do prezo de remate.

Igualmente se depositará o sobrante cando existan titulares de dereitos posteriores aos da Facenda pública.»

Vinte e sete. Modifícase o punto 2 do artigo 105, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Será aplicable en tales casos o disposto para as poxas nesta subsección, coas particularidades seguintes:

a) O anuncio da poxa conterá os datos esenciais desta, conforme o establecido no artigo 101.4 deste regulamento. O anuncio será publicitado na sede electrónica do organismo correspondente, conforme o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A celebración da poxa tamén se poderá anunciar en medios de comunicación de gran difusión, en publicacións especializadas e en calquera outro medio adecuado para o efecto cando o órgano de recadación competente así o acorde.

b) Non será necesaria a constitución de depósito previo para concorrer á licitación.

c) O desenvolvemento da licitación realizarase conforme as prácticas habituais deste tipo de actos.

d) A mesa, composta segundo establece o artigo 103 ter deste regulamento, estará representada no acto de licitación por un dos seus compoñentes, que decidirá sobre as incidencias que puidesen xurdir no seu desenvolvemento.

e) Cando se paguen as cantidades establecidas no artigo 169.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no acto da poxa, o representante da mesa suspenderá a licitación dos bens correspondentes.»

Vinte e oito. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 106, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. O alleamento de bens embargados soamente se poderá celebrar por concurso:

a) Cando a realización do embargado por medio de poxa, polas súas calidades ou magnitude, puidese producir perturbacións nocivas no mercado.

b) Cando existan outras razóns de interese público debidamente xustificadas.

2. O concurso deberá ser autorizado polo órgano competente e a súa convocatoria publicarase no Boletín Oficial del Estado e no boletín oficial correspondente á demarcación territorial do órgano de recadación a que estea adscrito o obrigado ao pagamento. Na dita convocatoria sinalaranse os bens obxecto de alleamento, o prazo e as condicións para concorrer, a forma de pagamento e o depósito que haxa que realizar. Así mesmo, sinalaranse, se as houber, as condicións especiais do concurso, referidas tanto aos requisitos dos concursantes como á retirada e utilización dos bens alleados.

No non previsto expresamente observarse o establecido para o alleamento por poxa no que resulte aplicable.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 107, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 107. *Alleamento mediante adxudicación directa.*

«1. Procederá a adxudicación directa dos bens ou dereitos embargados:

a) Cando, despois de realizado o concurso, queden bens ou dereitos sen adxudicar.

b) Cando se trate de produtos perecedoiros ou cando existan outras razóns de urxencia, xustificadas no expediente.

c) Noutros casos en que non sexa posible ou non conveña promover concorrencia, por razóns xustificadas no expediente.

2. Se se trata de bens perecedoiros, no acordo de alleamento o órgano competente poderá establecer os límites e condicións da adxudicación directa e poderase, neste caso, prescindir da proposta de adxudicación a que se refire o punto 6.

3. O órgano de recadación competente procederá, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de alleamento por adxudicación directa, a realizar as xestións conducentes á dita adxudicación directa dos bens nas mellores condicións económicas, para o que utilizará os medios que considere máis áxiles e efectivos.

4. A adxudicación directa desenvolverase conforme os seguintes criterios:

a) A convocatoria anunciarase na sede electrónica da Administración pública que corresponda.

b) Na convocatoria establecerase a data límite para a admisión de ofertas. A presentación de ofertas farase por vía telemática.

5. O prezo mínimo de adxudicación será:

a) Cando os bens fosen obxecto de concurso, o tipo do concurso.

b) Nos demais supostos, os bens valoraranse con referencia a prezos de mercado.

Se as ofertas non alcanzan os valores sinalados, os bens poderán adxudicarse sen prezo mínimo.

6. En función das ofertas presentadas formulará, se é o caso, proposta de adxudicación o órgano de recadación competente en favor da mellor oferta económica. Transcorrido o prazo a que se refire o punto 3 sen terse ditado acordo de adxudicación, darase por concluído o dito trámite.

7. A adxudicación formalizarase mediante acta no caso do punto 1.a) e por resolución do órgano de recadación competente nos demais casos.

8. Os bens serán entregados ao adxudicatario unha vez que fixese efectivo o importe procedente.

9. No non previsto expresamente, haberá que atermos ao establecido para o alleamento por poxa no que resulte aplicable. En particular, advertirase ao adxudicatario que, se non satisfai o prezo de remate no prazo establecido para o efecto, pode incorrer en responsabilidade polos prexuízos que ocasione a falta de pagamento.

10. Transcorrido o trámite de adxudicación directa, adxudicarase o ben ou dereito a calquera interesado que satisfaga o importe do tipo do concurso realizado antes de que se acorde a adxudicación dos bens ou dereitos á Facenda pública.»

Trinta. Elimínase a subsección 7.^a e renumérase a actual subsección 8.^a como subsección 7.^a; incorpóranse os artigos 111 e 112 á actual subsección 6.^a da sección 2.^a do capítulo II do título III, a cal, pola súa vez, modifica o seu título, e pasa a denominarse:

«SUBSECCIÓN 6.^a

Adxudicación de bens e dereitos á Facenda pública e actuacións posteriores ao alleamento»

Trinta e un. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 111, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Unha vez notificada a adxudicación, o adxudicatario poderá solicitar o outorgamento de escritura pública de venda do inmovible.

O adxudicatario deberá comunicar de forma expresa esta opción no prazo de 5 días contado desde a notificación da adxudicación.

Neste caso, o adxudicatario, no referido prazo de cinco días, deberá efectuar un ingreso adicional do cinco por cento do prezo de remate do ben.

Con carácter previo ao dito outorgamento, remitirase o expediente ao órgano con funcións de asesoramento xurídico para que emita o preceptivo informe no prazo de cinco días desde a data de recepción do expediente de referencia. O órgano de recadación competente disporá o necesario para que se emenden os defectos que se observen.

2. Unha vez devolto o expediente polo órgano con funcións de asesoramento xurídico, con informe de terse observado as formalidades legais no procedemento de constrinximento, deberán ser outorgadas as escrituras de venda dos inmobles que fosen alleados dentro dos 30 días seguintes, logo de citación debidamente notificada aos obrigados ao pagamento ou aos seus representantes, se os tiveren.

Se non comparecen á citación, o órgano competente outorgará de oficio tales escrituras a favor dos adxudicatarios, que actuará en substitución do obrigado ao pagamento, e farase constar nelas que queda extinguida a anotación preventiva feita no Rexistro da Propiedade a nome da Facenda pública.»

Trinta e dous. Modifícase o punto 2 do artigo 112, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Se, finalizados os procedementos de alleamento e, se é o caso, adxudicación á Facenda pública, quedan dereitos, bens mobles ou inmobles sen adxudicar, estes poderán ser obxecto de novos procedementos de alleamento sempre que non se producise a prescrición da acción de cobramento das débedas respecto ás cales se desenvolven os ditos procedementos.»

Trinta e tres. Modifícase o punto 1 do artigo 119, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A reclamación de terzaría formularase por escrito e xuntarase un principio de proba por escrito do fundamento da pretensión do terceirista e quedarán á disposición dos órganos de recadación os documentos orixinais en que basee a súa pretensión. O escrito dirixirase ao órgano que estea tramitando o procedemento de constrinximento, o cal o remitirá ao órgano competente para a súa tramitación.

Se o escrito de reclamación non reúne os requisitos exigibles ás solicitudes que se dirixan á Administración ou o terceirista non xunta os documentos en que poida fundar o seu dereito ao escrito de reclamación, o órgano competente para a tramitación requirirao para que emende a súa falta, para o que disporá dun prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, coa advertencia expresa de que, de non facelo así, se procederá ao arquivamento da reclamación.

Unha vez recibida a documentación ou, se é o caso, emendados os defectos observados na presentada, ditarase, se procede, acordo de admisión a trámite que será notificado ao terceirista e ao obrigado ao pagamento. O dito acordo deberá ser ditado no prazo de 15 días desde que se reciba a reclamación ou se entendan emendados os defectos.»

Trinta e catro. Modifícase o punto 2 do artigo 120, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A resolución deberá notificarse no prazo no prazo de seis meses.

Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución, poderase entender desestimada a reclamación para efectos de formular a correspondente demanda xudicial.»

Trinta e cinco. Modifícanse os puntos 1 e 3 do artigo 124, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. O procedemento de declaración de responsabilidade iniciárase mediante acordo ditado polo órgano competente e que deberá ser notificado ao interesado.

O trámite de audiencia será de 15 días contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do dito prazo.

No dito trámite, se é o caso, deberase dar a conformidade expresa a que se refire o artigo 41.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

O prazo máximo para a notificación da resolución do procedemento será de seis meses.»

«3. Cando o procedemento para declarar a responsabilidade o inicien os órganos competentes para ditar a liquidación e a dita declaración non se notificase con anterioridade ao vencemento do período voluntario de ingreso outorgado ao debedor principal, ou se no dito período non se acreditase ao menos un intento de notificación que conteña o texto íntegro do acordo, ou, se é o caso, de non terse efectuado a posta á disposición da notificación na sede electrónica da Administración tributaria ou no enderezo electrónico habilitado, o procedemento para declarar a responsabilidade darase por concluído sen máis trámite, sen prexuízo de que, con posterioridade, poidan iniciar un novo procedemento os órganos de recadación; para tal efecto, as actuacións realizadas no curso do procedemento inicial, así como os documentos e outros elementos de proba obtidos no dito procedemento, conservarán a súa validez e eficacia para efectos probatorios en relación con este ou outro responsable.»

Trinta e seis. Introdúcese un novo artigo 124 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 124 bis. *Especialidades en materia de declaración de responsabilidade asociada á liquidación vinculada a delito.*

1. Cando no curso dun procedemento de inspección en que proceda ditar unha liquidación vinculada a delito, o órgano actuante teña coñecemento de feitos ou circunstancias que puidesen determinar a existencia dalgún tipo de responsabilidade tributaria, trasladará o coñecemento de tales feitos ao órgano competente para iniciar o procedemento de declaración de responsabilidade. Se é o caso, o inicio notificarallo este último órgano ao obrigado tributario, con indicación das obrigacións tributarias a que alcance a declaración de responsabilidade e o precepto legal en que se fundamente.

2. O trámite de audiencia ao responsable realizarase, en todo caso, con posterioridade á formalización da proposta de liquidación vinculada a delito do debedor principal.

O responsable disporá entón dun prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da apertura do dito prazo, para formular as alegacións e achegar a documentación que estime oportunas, respecto soamente daquelas cuestións que determinen a responsabilidade e o seu alcance, e sexan susceptibles de recurso en vía administrativa segundo a normativa vixente.

O responsable non terá a condición de interesado no procedemento de inspección en que proceda practicar a liquidación vinculada a delito e teranse por non presentadas as alegacións que formule no dito procedemento.

3. O acordo de declaración de responsabilidade deberá ditarse con posterioridade ao momento en que conste como admitida a denuncia ou querela por delito contra a Facenda pública. Ademais, nos supostos do artigo 258.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, deberá constar igualmente como efectuada a citación ao responsable no proceso penal para declarar en concepto de investigado.

A notificación do acordo de declaración de responsabilidade incluírá o requirimento para que se realice o ingreso da débeda tributaria liquidada nos prazos a que se refire o artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.»

Trinta e sete. Modifícase o artigo 128, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 128. *Exacción da responsabilidade civil e multa por delito contra a Facenda pública.*

1. Nos procedementos por delito contra a Facenda pública, a débeda derivada da responsabilidade civil e da pena de multa acumularase ao procedemento administrativo de constrinximento que, se é o caso, se siga contra o debedor, para os efectos da práctica de dilixencias de embargo, trabas e alleamento de bens. O importe derivado de tales débedas non se poderá incrementar nas recargas do período executivo.

A Facenda pública exixirá, xunto coa multa e a responsabilidade civil a que se refire o punto 1 da disposición adicional décima da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os xuros que se devindiquen sobre o importe da dita responsabilidade desde a data da firmeza da resolución xudicial ata a data de ingreso no Tesouro e as custas do procedemento de constrinximento, salvo que o xuíz ou tribunal acordase outra cousa.

2. Contra os actos do procedemento administrativo de constrinximento ditados polos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a exacción da responsabilidade civil e da multa por delito contra a Facenda pública poderase interpoñer recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa, salvo que os motivos de impugnación aducidos se refiran á adecuación ou conformidade dos actos de execución impugnados coa sentenza que fixasen as débedas obxecto de exacción polo procedemento de constrinximento; neste caso, a cuestión deberase formular perante o xuíz ou tribunal competente para a execución.

3. En caso de incumprimento do fraccionamento de pagamento da responsabilidade civil ou da multa que acordase o xuíz ou tribunal conforme o artigo 125 do Código penal, exixírase a totalidade do importe pendente polo procedemento de constrinximento. Neste caso, non procederá aplicar recargas do período executivo, pero exixíranse os xuros que correspondan.

4. Os órganos competentes para a exacción da responsabilidade civil e da multa por delito contra a Facenda pública informarán o xuíz ou tribunal de calquera incidente que se poida producir na execución encomendada e, en todo caso, das seguintes actuacións e acordos:

- a) Dos ingresos que se efectúen no procedemento de constrinximento.
- b) De que se producise o ingreso íntegro das débedas obxecto da encomenda legal de cobramento.
- c) Da declaración administrativa de falido dos responsables civís e da declaración administrativa de incobrible dos créditos afectados.»

Trinta e oito. Introdúcese un novo artigo 129, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 129. *Impugnación dos actos asociados a un proceso penal en curso.*

Contra os actos ditados polos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria no exercicio das competencias outorgadas pola disposición adicional décimo novena da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderá interpoñerse recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa, salvo que os motivos de impugnación aducidos se refiran á adecuación dos actos impugnados con obxecto do proceso penal por delito contra a Facenda pública, caso en que a cuestión deberá formularse ante o órgano xudicial penal competente.»

Trinta e nove. Introdúcese unha nova disposición transitoria cuarta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio das poxas.*

As normas relativas ao desenvolvemento do procedemento de poxa a través do Portal de poxas da axencia estatal Boletín Oficial del Estado aplicaranse aos procedementos iniciados a partir do 1 de setembro de 2018.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Función Pública,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO